

Cláusulas sociais na contratación pública de servizos sociais e/ou programas sociais

A) O ROL DA ADMINISTRACIÓN E DO TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL NA CONTRATACIÓN PÚBLICA.

A Sociedade Civil e o Terceiro Sector de Acción Social (TSAS) temos un papel esencial na prestación de servizos sociais e nas políticas de integración e participación da cidadanía.

Cada vez máis, as Administracións Públicas entenden que a implicación do TSAS, resulta esencial na provisión de servizos sociais e con *valor engadido*, ademais da calidade de provisión do servizo, sendo a responsabilidade da Administración garantir eses servizos e calidade.

As entidades do TSAS actúan neste eido cunha tripla limitación, que semella contraria a esta posición de garante da Administración, polo cal consideramos que na contratación pública de servizos e/ou programas sociais **deben eliminarse as medidas discriminatorias e mesmo contrarias á libre competencia e libre concorrencia de licitadores** en igualdade de oportunidades, en especial motivadas por:

1. Unha dobre discriminación negativa:

- Subxectiva, polo tipo de entidade ao:
 - Excluir de maneira tácita a entidades sen ánimo de lucro ao **esixir unha clasificación para contratar** imposible de obter por motivos legais.
 - Excluir expresa ou tacitamente as **unións temporais de entidades (UTE)** sen ánimo de lucro ou de estas con entidades con ánimo de lucro.
 - Incluir a esixencia de clasificación en contratos nos cales non é obrigatorio legalmente.
- Obxectiva, polas condicións do contrato, ao:
 - Considerar como factor de contratación **o prezo previo (sen I.V.E.)** e non o prezo ou custo final para a administración contratante (con I.V.E.)
 - A ausencia de control sistemático das **ofertas anormalmente baixas**, sen solicitude do órgano de contratación de información adicional para valorar esas ofertas.
 - Introducir **períodos de contratación pouco amplos** nos contratos que teñen por obxecto a prestación de servizos sociais.



2. A **falta de discriminación positiva** consistente na falla de uso e aplicación sostida e continuada, en especial nos contratos relacionados co eido social, das diferentes opcións legais actualmente existentes para executar unha política de contratación pública responsable, tanto a nivel estatal como autonómico.

B) MARCO NORMATIVO BÁSICO.

A antiga Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público xa recollía a posibilidade de inclusión das cláusulas sociais na contratación, como recoñecemento das especificidades e do valor engadido que o Terceiro Sector de Acción Social aporta en termos de xeración de capital social, como agora o fai igualmente o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

O Parlamento de Galicia na súa resolución unánime do 14 de maio de 2010 instou ao Goberno da Xunta a incorporar cláusulas sociais na súa contratación pública e solicitando a implicación decidida da Xunta Consultiva da Contratación Administrativa nesta senso.

O artigo 33 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia recoñece tamén a implantación de cláusulas sociais primando as entidades sen ánimo de lucro na adxudicación dos contratos relativos a prestacións de carácter social o asistencial. No seu desenvolvemento, o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, incorpórase tamén a vontade expresada de maneira unánime polo Parlamento de Galicia. En concreto, na Disposición Adicional Cuarta incorpórase o principio relativo á conveniencia de reserva dunha parte da contratación pública das administracións titulares dos servizos sociais comunitarios a centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral, aspecto este que xa incorporou, no que atinxe á Administración autonómica galega, o artigo 35 da Lei 15/2010, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, promulgada como *lei de acompañamento* da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011.

Deste xeito as Administracións Públicas, ademais de fomentar as actuacións de terceiros a prol da inclusión social, materializan na súa propia actuación un compromiso efectivo nesa mesma dirección.

O prego de cláusulas administrativas pode ter en conta non só o cumprimento dos requisitos técnicos do servizo, senón outras propias da configuración e a prestación do servizo así como actuacións paralelas ao mesmo, que poidan impactar positivamente na sociedade.

As cláusulas sociais na contratación significan a introdución de certos criterios nos procesos de compra pública, **incorporando no contrato aspectos de política social** nos requerimentos previos, nos elementos de valoración ou nas esixencias de execución:

- Son un instrumento que contribúe a facilitar a inserción sociolaboral de persoas e colectivos mais vulnerables da sociedade
- Son unha ferramenta rendible tanto económica como socialmente
- A súa introdución supón un avance na concepción das políticas sociais que traballan no ámbito da exclusión social pois buscan saídas a través da inserción socioeconómica mediante a xeración de emprego, (a ferramenta mais eficaz na loita contra a exclusión social).

C) PROPOSTAS DE INDICADORES.

Por todo o anteriormente exposto, preséntanse unha serie de **indicadores de cláusulas sociais, tanto de entidade como de proxecto** que consideramos deberían estar incorporados como mellora nos procesos de **contratación pública de servizos sociais e/ou programas sociais**

INDICADORES DE ENTIDADE

1- Ratio de usuarios en situación de vulnerabilidade social

Número de persoas usuarias/beneficiarias das actuacións da entidade, en situación de vulnerabilidade social, en relación ao total de persoas usuarias/beneficiarias da entidade.

Serán consideradas persoas en situación de vulnerabilidade, segundo a actual Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia ou, no seu caso, o texto definitivo da Lei de Inclusión Social de Galicia, na cal se explicitan os criterios para a valoración da situación ou risco de exclusión social:

Persoas con ausencia ou déficit grave de recursos económicos, en situación de desemprego, ou nas que se produza a concorrencia dalgún dos factores de exclusión seguintes, cando esa condición supoña especiais dificultades de integración social ou laboral:

- a) Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas.
- b) Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias aditivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.
- c) Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.
- d) Ter unha discapacidade valorada superior ao 33 %.

- e) Ser inmigrante ou emigrante retornado.
- f) Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.
- g) Proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria.
- h) Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.
- i) Pertencer a unha minoría étnica.
- j) Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.
- k) Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.
- l) Calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral.

2- **Volume de servizos propios, accesibles e complementarios**

Carteira de servizos que ofrece a entidade ou se compromete a realizar durante o desenvolvemento do proxecto, gratuítos ou con redución de prezo, en relación co custo, para a persoa usuaria/beneficiaria, documentada mediante as memorias de actividades.

3- **Voluntariado na entidade**

A entidade licitadora estará inscrita no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria da Xunta de Galicia, cunha antigüidade mínima de dous anos.

As actividades de voluntariado e a súa intensidade deberán manterse durante o tempo de duración do contrato: volume de horas de atención directa ou indirecta a persoas usuarias levadas a termo por voluntariado, colaboradores ou entidades que participan desinteresadamente, que a entidade se compromete a achegar.

4- **Volume de persoas en risco ou en situación de vulnerabilidade social contratadas na entidade**

Número de persoas traballadoras en situación de vulnerabilidade social en relación ao número total de persoas traballadoras da entidade (persoal propio ou subcontratado a centros especiais de emprego ou a empresas de inserción)



5- **Persoal contratado na entidades**

As bases dos contratos administrativos indican o convenio colectivo aplicable, cando sexa posible legalmente.

6- **Volume da base social na organización**

Enténdese como tal o sumatorio de persoas socias (políticas e económicas) e voluntarias.

No caso de entidades de segundo e terceiro nivel, este volume calcularase a partires da agrupación de entidades individuais.

7- **Participación e traballo en rede**

Número de Redes nas que a Entidade está integrada e/ou adherida relacionadas co obxecto do contrato, acreditando unha antigüidade mínima de dous anos (redes, plataformas, federacións, confederacións...) e unha colaboración activa en grupos de traballo, confección de propostas, participación en xornadas técnicas ou outras similares.

8- **A primacía das persoas e da misión por riba do lucro**

Os Estatutos da Entidade especifican a primacía das persoas e o obxecto social por riba do lucro.

INDICADORES DE PROXECTO

- **Dimensión comunitaria do proxecto**

Número de organizacións/institucións, alleas á entidade, que colaboran no proxecto, acreditando unha antigüidade na relación de tres anos.



Achegaranse cartas de compromiso de colaboración co proxecto nas que se especifique en que consiste a colaboración

- **Participación do usuario no deseño e na mellora do servizo**

Número de usuarios/beneficiarios que participan no deseño, definición e mellora do proxecto. Nº de horas de participación, nº de propostas efectuadas e incluídas desde as persoas usuarias

- **Información e sensibilización social sobre a materia obxecto do Proxecto**

Número de actividades de transferencia de coñecemento, información e sensibilización sobre a materia obxecto do Proxecto que a entidade desenvolverá durante a execución do mesmo.

- **Volume de acordos para o traballo en rede e identificación de novas necesidades**

Sumatorio de Grupos de Traballo nos que se integra a entidade e acordos asinados entre a entidade e as Administracións Públicas, Redes e outras organizacións en relación co Proxecto e das súas xuntanzas e proxectos

- **Coñecemento do territorio local**

A entidade debe demostrar o coñecemento do territorio onde se desenvolve o proxecto coa realización no mesmo doutros proxectos durante os dous anos anteriores e, cando sexa necesario por razón do obxecto do contrato para prestar o servizo social, debe ter aberta ao público ou a disposición das persoas usuarias unha sede física para ese servizo social.



D) PONDERACION CLAUSULAS SOCIAIS

Finalmente, resta por concretar a avaliación das citadas cláusulas sociais e, neste senso, como xa se ten dito, a súa implantación na contratación pública das diferentes administracións públicas (en especial a autonómica e a local) permite mellorar a calidade de servizo e os resultados das diferentes políticas de servizos sociais.

Reforza e complementa por tanto a avaliación técnica dos proxectos presentados.

Con este fin, e mantendo o criterio legal de prezo como primeiro criterio de ponderación, propónse a seguinte ponderación para a puntuación total:

1. Criterio Precio: 40%
2. Criterios técnicos: 35%
3. Cláusulas sociais: 25%

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2014.

E) ANEXO 1. CONTRATACIÓN PÚBLICA E IVA

SITUACIÓN ACTUAL

Na contratación pública o criterio de adxudicación do prezo avalíase sen ter en conta o I.V.E. aplicable. Desta maneira, non sempre se escolle a oferta máis vantaxosa para a Administración Pública.

Exemplo: un prezo de 100, máis I.V.E.:

- Ofertado por unha empresa significa un custo total para a Administración contratante de 121 (se o I.V.E. é o tipo xeral), dos cales a empresa poderá destinar como máximo só 100 ao obxecto do contrato (imaxinando, ademais, que a gañancia empresarial fose 0).
- Ofertado por unha entidade sen ánimo de lucro significa un custo total para a Administración de 100 (co mesmo I.V.E. de tipo xeral, e sempre e cando o obxecto do contrato estea dentro das actividades exentas de I.V.E. da entidade sen ánimo de lucro, como acontece normalmente) e destinar a totalidade deses 100 ao obxecto do contrato (porque non se reparten beneficios); e se fose o prezo final ofertado pola entidade sen ánimo de lucro de 121, podería destinar integros eses 121 ao obxecto do contrato.

Dito de maneira gráfica, e nas condicións anteriores:

TIPO ENTIDADE	CON ÁNIMO DE LUCRO	SEN ÁNIMO DE LUCRO
CUSTO TOTAL ADMINISTRACIÓN	121	121
BASE	100	121
I.V.E.	21	0
BENEFICIO EMPRESARIAL	x % sobre 100	0
€ A BENEFICIARIOS/AS FINAIS	100 – x% sobre 100	121

ALTERNATIVA

Fixar en toda a contratación administrativa como criterio de avaliación do factor prezo o prezo final (custo total) para a Administración contratante, I.V.E. incluído. Esta proposta evita calquera discriminación entre entidades sometidas á tributación de IVA e as exentas de IVA, elixindo sempre a máis vantaxosa para a Administración Pública.



EAPN Galicia - Rede de loita contra a pobreza e a exclusión social traballa para defender os dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión mediante a incidencia política e social.

A Rede está formada polas entidades máis representativas do Terceiro Sector de Acción Social galego que agrupa a **máis de 120 entidades** de primeiro nivel a través dos seus 20 socios directos.

ACCEM Galicia * **Asociación Boa Vida Inclusión Activa** * **Asociación Plataforma polo Emprego** * **Cáritas Diocesanas de Galicia** * **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)** * **Emaús Fundación Social** * **Federación Autismo Galicia** * **Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES)** * **Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)** * **Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (DOWN GALICIA)** * **Fundación Érguete Integración** * **Fundación Juan Soñador** * **Fundación Meniños** * **Fundación Secretariado Xitano** * **Fundación Roncel** * **Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES3)** * **Medicos del Mundo** * **Asemblea de Cooperación pola Paz** * **Ecos do Sur** * **Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias (FAGAL)**

Promovemos a análise e reflexión sobre a pobreza e a exclusión social pero tamén o voluntariado e a participación real das persoas coas que traballamos dende as distintas entidades sociais así como na incidencia política e social en institucións públicas. O traballo en rede e a incidencia a nivel europeo e estatal é imprescindible para o éxito das actuacións, é por isto que EAPN Galicia está integrada en [EAPN España](#) e en [EAPN Europa](#).